

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

*RESOLUCIÓN do 20 de setembro de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se designan os membros e se fai pública a composición do xurado de selección que analizará e valorará as solicitudes das persoas aspirantes aos premios extraordinarios na modalidade de ensinanzas artísticas profesionais nos ámbitos de música, de danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2022/23.*

En virtude da autorización conferida pola disposición derradeira primeira da Orde do 2 de xuño de 2023 pola que se convocan os premios extraordinarios na modalidade de ensinanzas artísticas profesionais nos ámbitos de música, de danza, e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ao curso 2022/23 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 114, do 16 de xuño), e de conformidade co establecido no artigo 11 desa orde, en relación coa composición do xurado de selección encargado da análise e valoración das solicitudes,

**DISPOÑO:**

Primeiro. Designar os membros do xurado de selección que deberán analizar e valorar as solicitudes dos aspirantes aos premios extraordinarios na modalidade de ensinanzas artísticas profesionais nos ámbitos de música, de danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ao curso 2022/23 e facer pública a súa composición, que é a que figura no anexo a esta resolución.

Segundo. O xurado poderá dispoñer a constitución dunha comisión técnica especializada para colaborar na valoración dos méritos dos aspirantes.

Terceiro. Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2023

María Eugenia Pérez Fernández  
Directora xeral de Formación Profesional



**ANEXO**  
**Xurado de selección**a) **Ámbito de Música.**

Presidente: Rubén Vázquez Rodríguez, subdirector xeral de Aprendizaxe Permanente, Ensinanzas Artísticas, Idiomas e Deportivas, por delegación da directora xeral de Formación Profesional.

Vogais:

- Rosalía Polo Cal, inspectora de Educación.
- Lorena López Cobas, asesora de Música e Artes Escénicas.
- M<sup>a</sup> Elena Sobrino Fernández, asesora de Ensinanzas Artísticas.
- Secretaria: Ana María López Díaz, asesora de Música e Artes Escénicas.

b) **Ámbito de Danza.**

Presidente: Rubén Vázquez Rodríguez, subdirector xeral de Aprendizaxe Permanente, Ensinanzas Artísticas, Idiomas e Deportivas, por delegación da directora xeral de Formación Profesional.

Vogais:

- Raquel González García, xefa de servizo de Ensinanzas de Réxime Especial e Aprendizaxe Permanente.
- María de los Ángeles Gayoso Diz, profesora de Música e Artes Escénicas.
- Lorena López Cobas, asesora de Música e Artes Escénicas.
- Secretaria: Ana María López Díaz, asesora de Música e Artes Escénicas.

c) **Ámbito de Artes Plásticas e Deseño.**

Presidente: Rubén Vázquez Rodríguez, subdirector xeral de Aprendizaxe Permanente, Ensinanzas Artísticas, Idiomas e Deportivas, por delegación da directora xeral de Formación Profesional.



**Vogais:**

- Gustavo Lorenzo Prozzo, inspector de Educación.
- Irene Gago Pesado, asesora de Artes Plásticas e Deseño.
- Ángela López García, catedrática de Artes Plásticas e Deseño.
- Secretaria: Ana María López Díaz, asesora de Música e Artes Escénicas.

